

**CPR PLURILINGÜE NTRA. SRA. DE LA
ASUNCIÓN**

Ed. Infantil - Primaria - ESO
Rúa da Asunción, 34 - 27600 Sarria
(Lugo)
Tfno e fax: 982-531981- Móbil: 626628665
E-mail:
cpr.nosasenora.asuncion@edu.xunta.es



ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR DE NATACIÓN CURSO 25-26

(3º TRIMESTRE - PISCINA CLIMATIZADA SARRIA)

- Dita actividade ofértase coma natación escolar, onde os principais obxectivos son a socialización do alumnado, o exercicio físico e o dominio acuático, e será organizada pola empresa encargada do mantemento da Piscina Climatizada de Sarria, cunha duración trimestral (comezo o venres, 10 de abril e remata o 19 de xuño), e unha cuota de 26.53€ por trimestre. Se alguén precisa ou demanda curso de natación por niveis terá que inscribirse na propia piscina climatizada, de xeito persoal e non a través da actividade do colexio.
- O horario para o alumnado do colexio será o seguinte:
 - Ed. Infantil: Venres de 16:30 h. a 17:15 h.
 - Ed. Primaria: Venres de 19:30 h. a 20:15 h.
- As prazas dispoñibles para Ed. Infantil son 14 e para Ed. Primaria son 14.
- Os interesados deben cubrir o formulario de inscrición dispoñible na páxina web do colexio.
- O prazo de inscrición estará aberto dende hoxe xoves, 12 de marzo ata o vindeiro mércores, 18 de marzo.
- Non se admitirá ningunha inscrición recibida fóra de prazo, de non ser que quedaran prazas vacantes.
- No caso de superar o número de prazas ofertadas, o acceso a dita actividade realizarase mediante sorteo público.
Dito sorteo levarase a cabo o mércores, 18 de marzo ás 15:30 horas na secretaría do colexio.
- O listado de admitidos e reservas será exposto o vindeiro mércores, 18 de marzo na web do colexio, unha vez realizado o sorteo.
- O pago da actividade levarase a cabo durante os días 20, 23 e 24 de marzo, na secretaría do colexio, no horario desta.
- Unha vez publicado o listado de admitidos enviaremos ao correo do alumnado toda a documentación necesaria para poder acceder a dita actividade. Esta documentación será enviada dende o mércores 18 ata o martes 24 de marzo.

- Os alumnos admitidos na actividade teñen que utilizar un chaveiro de acceso ás instalacións, sin el non poderán acceder ao curso nin ao centro deportivo. Este chaveiro ten un custo de 2,50€ que se entrega á mesma vez que o pago da actividade. Ao rematar o trimestre, o chaveiro entrégase na secretaría do colexio e devólvense ás familias os 2,50€.